

PROCEDIMENTO DE XESTIÓN DE ALTAS E BAIXAS DE VIVENDAS E CONTRATOS NO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS

De acordo ao establecido nos protocolos de relación entre o IGVS, concellos e entidades aseguradoras, o procedemento para altas e baixas é o seguinte:

A. ALTAS E BAIXAS DE VIVENDAS NO PROGRAMA

ALTAS: os concellos comunicarán, mensualmente, nos cinco primeiros días de cada mes, as altas das vivendas incorporadas ao programa dende a última comunicación enviada.

A comunicación enviarase segundo o modelo que se xunta e remitirase ao buzón: vivendasbaleiras.igvs@xunta.es

BAIXAS: o procedemento será idéntico ao anterior, enviándose a listaxe coas baixas simultaneamente ao das altas.

B. ALTAS E BAIXAS DE CONTRATOS DE VIVENDAS PARA ASEGURAMENTOS

ALTAS DE CONTRATOS: os concellos comunicarán, mensualmente, entre o día 1 e 6 de cada mes, os contratos asinados no marco do programa dende a última comunicación enviada.

A comunicación enviarase segundo o modelo que se xunta e remitirase ao buzón: vivendasbaleiras.igvs@xunta.es

O IGVS reenviará aos concellos a listaxe cos correspondentes números de póliza unha vez cubertos polas compañías.

Co primeiro envío remitirase unha copia das pólizas, para coñecemento do concello.

BAIXAS DE CONTRATOS: os concellos remitiran ao IGVS a comunicación dos contratos que se prevean resolver, nos 10 primeiros días naturais do mes anterior ao seu vencemento.

No caso de que o concello non remita a comunicación da baixa, entenderase prorrogado automaticamente o contrato de seguro para esa vivenda, polo prazo máximo de tres anos dende a data do contrato inicial.

C. DESOCUPACIÓNS DE VIVENDAS QUE NON SUPOÑAN BAIXA NO SEGURO DE IMPAGOS:

No caso de que a vivenda se desocupe temporalmente, pero continúe no programa de Vivendas Baleiras, seguirase o seguinte procedemento:

Os concellos remitirán ao IGVS, nos dez primeiros días naturais de cada mes, unha listaxe en Excel coas desocupacións producidas no mes anterior. As vivendas que non teñan incorrido en causa de baixa do programa, continuarán no mesmo con suspensión temporal do seguro de impagos, ata que se formalice un novo contrato. Neste suposto, se non hai sinistro declarado nas garantías contratadas da póliza, poderá descontarse da nova póliza a cantidade non consumida da póliza anterior, non superando en ningún caso o importe proporcional de seis meses do último recibo da póliza sendo necesario escrito asinado polo propietario comunicando a cancelación da póliza anexando unha copia da resolución do contrato de arrendamento, documentos que se deberán anexar coa listaxe das desocupación que facilite o Concello.